

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Aprobación da bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo E, escala administración xeral, subescala subalterna, notificador/a

ANUNCIO

BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO E, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA SUBALTERNA, NOTIFICADOR/A.

O sr. Concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá do Concello de Mugardos, dictou, con data 17.01.2023, a resolución da alcaldía núm. 2023-0044, pola que se prestou aprobación á creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo E, Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna, Noitificador/a, tal como figura de seguido:

Identidade	DNI	Puntuación final
Beceiro López, Aurora	***1554**	21,729
Silva Fernández, Nathanny	***2559**	18,587
Salido Álvarez, M ^a Isabel	***1353**	13,881
Pérez Martínez, M ^a Guadalupe	***1029**	13,059
Seoane Fernández, Paula M ^a	***8919**	11,472

A presente bolsa de traballo substituirá a calquera aprobada anteriormente e terá unha vixencia de cinco (5) anos a contar dende a publicación da bolsa de emprego aprobada.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas na mesma mañá, sen prexuízo da publicación da oferta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, as persoas interesadas son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

A persoa empregada pública que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición da persoa interesada a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que a persoa aspirante desiste de cubrir a praza.

As persoas aspirantes que sendo requiridas para o seu nomeamento renuncien a el dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

Se, sen causa xustificada, a persoa a que corresponda segundo a orde de chamamento non se incorporase, entenderase que renuncia ao nomeamento efectuado.

A citada resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Alcalde-Presidente, nos termos e prazos sinalados na Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e/ou directamente de recurso contencioso administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 536/2021, do 24.05.2021), D. José Miguel Mahía Prados, o 17 de xaneiro de 2023.